

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Traballo e Benestar

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Relacións Laborais

*Resolución da Xefatura Territorial da Coruña pola que se ordena o rexistro e publicación do acordo sobre condicións laborais da empresa Multiservicios Aeroportuarios, S.A.*

Visto expediente de inscrición do acordo suscrito o 19 de novembro de 2014 pola representación da empresa MULTISERVICIOS AEROPORTUARIOS, S.A., e o representante legal dos traballadores, sobre determinadas condicións laborais do persoal adscrito ao servizo a persoas coa mobilidade reducida (PMR), de conformidade co disposto no artigo 2.1 h) do R.D. 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR RESOLVE:

1.º.-Ordenar a súa inscrición no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.º.-Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 22 de decembro de 2014.

Xefa do Departamento Territorial da Coruña

M.ª PILAR CARIDAD ALONSO

#### ACORDO DE CENTRO DO SERVIZO DE P.M.R., AEROPORTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CELEBRADO ENTRE MULTISERVICIOS AEROPORTUARIOS S.A. E A REPRESENTACIÓN LEGAL DOS TRABALLADORES

En Santiago de Compostela, a 19 de novembro de 2014, na sede do Consello Galego de Relacións laborais, en presenza de D. Celso Araújo Castro, xefe de Servizo de Negociación Colectiva e Xestión de Convenios do referido Consello.

#### REUNIDOS

Pola empresa, don Jesús González Alonso, con DNI 36.136.154-A, en calidade de xerente da empresa MULTISERVICIOS AEROPORTUARIOS, S.A:

Pola plantilla, don Rafael Peña Vidal, con DNI 44.848.946-G, en calidade de representante legal dos traballadores no Centro de PMR do Aeroporto de Santiago de Compostela.

#### MANIFESTAN

Que ambas partes, recoñecéndose plena capacidade para obrar e en nome e representación da empresa e da plantilla respectivamente, mostran conformidade para chegar aos seguintes,

#### ACORDOS

##### 1) XORNADA DE TRABALLO ANUAL.

A xornada anual vira establecida segundo as funcións desenvolvidas polo persoal:

**Supervisores.**–Realizarán unha xornada anual de 1.792 horas con 16 días laborais de desfrute por exceso de xornada. Garantirase para este colectivo o desfrute de dúas fins de semana libres ao mes.

**Condutores.**–Realizarán unha xornada anual de 1.752 horas con 21 días laborais de descanso por exceso de xornada. Garantirase para este colectivo o desfrute de unha fin de semana libre de cada tres.

**Axentes.**–Realizarán unha xornada anual de 1712 horas con 26 días laborais de descanso por exceso de xornada. Garantirase para a este colectivo o desfrute de unha fin de semana libre ao mes.

**2) VACACIÓNS.**

Ambas partes comprométese a elaborar de común acordo o calendario anual de vacacións, cunha antelación mínima de dous meses antes do desfrute dos mesmos por parte do traballador. Consistirán en 30 días naturais ao ano, sendo o seu desfrute fraccionado en dúas quincenas. Garantizaranse sempre una quincena nos meses de verán que abarca desde o mes de maio ata o mes de setembro. Computarán a estos efectos a quincena de nadal así como a quincena correspondiente a semana santa.

**3) CONCEPTO E REMUNERACIÓNS VARIABLES.**

**Plus de supervisión.**—Acórdase unha cantidade de 90 euros a devengar en 14 mensualidades para os traballadores adscritos a esta función.

**Plus de nocturnidade:** traballos comprendidos entre as 22.00 horas e as 06.00 horas, de 1,25 euros por cada hora traballada neste horario.

**Plus domingo traballado:** fíxase a cantidade de 2,50 euros por cada hora traballada en xornada de domingo.

**Plus festivo traballado:** acórdase o abono de 4 euros por cada hora traballada en xornada festiva.

**Quendas partidas:** terán un carácter excepcional e limitarase a un máximo do 10 por cento da xornada anual podéndose partir a xornada un mínimo de 1 hora e un máximo de 4 horas entre xornadas, abonando a cantidade de 8,50 euros por cada xornada fraccionada a realizar.

**4) CONTRATACIÓN.**

Acórdase a transformación do contrato eventual de don Manuel Vigo Tarrío en indefinido a tempo parcial, con xornada de 20 horas semanais. Antes de acudir a unha contratación eventual externa por necesidades do servizo, os traballadores a tempo parcial terán un dereito preferente de ampliación das súas xornadas, sempre que o soliciten por escrito.

Co fin de garantir a estabilidade no emprego fíxase un mínimo do 75 por cento da plantilla indefinida, tomando como referencia a estos efectos o mes de menos actividade do ano. Os contratos de relevo en caso de xubilacións parciais transformaranse en indefinidos unha vez se produza a xubilación definitiva da persoa relevada.

Para futuras contratación terán preferencia o persoal que realizara prácticas neste servizo salvo que non reúnan os requisitos necesarios para o posto a cubrir.

**5) TÁBOAS SALARIAIS.**

Para o ano 2014 acórdase as mesmas táboas salariais de 2013.

Acórdase para todos os traballadores con máis de tres anos de antigüidade no centro P.M.R.'s de Santiago de Compostela a progresión ao nivel 3, establecido nas táboas salariais do sector nun 50% para o ano 2015 e o outro 50% para o ano 2016. Para o ano 2016 aplicaranse as táboas salariais de referencia no convenio de sector. Para o 2015 unha vez coñecido o IPC real do ano, se este resultara superior o 2,5%, se efectuaría una revisión dos importes para a regularización da diferenza entre o IPC resultante e o referido 2,5%, con carácter retroactivo dende o 1 de xaneiro do 2015.

Acórdase a súa vez a progresión ao 4.º nivel retributivo a todos aqueles traballadores que aculen una antigüidade de 6 anos, a contar dende 1 de xaneiro de 2011 e cumpran os requisitos establecidos no convenio de sector nesta materia.

**Táboas salariais provisionais para o ano 2015<sup>1</sup>**

Grupo laboral	Nivel de entrada	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4
Técnicos gestores	21.287,27	21.328,89	21.647,27	22.844,27
Administrativos	13.936,15	16.503,96	16.752,08	17.680,20
Servicios auxiliares	13.800,39	16.343,34	16.589,04	17.508,13

<sup>1</sup>Regularizarase se o IPC do 2015 fose superior o 2,5% pola diferenza entre o IPC e o 2,5%

**Táboas salariais provisionais para o ano 2016<sup>2</sup>**

Grupo laboral	Nivel de entrada	Nivel 2	Nivel 3	Nivel 4
Técnicos gestores	21.287,27	21.328,89	21.965,65	22.844,27
Administrativos	13.936,15	16.503,96	17.000,19	17.680,20
Servicios auxiliares	13.800,39	16.343,34	16.834,74	17.508,13

<sup>2</sup>Regularizarase en función do convenio colectivo xeral do sector de servizos de asistencia en terra en aeroportos.

**DISPOSICIÓN COMÚNS**

Para o resto de materias se aplicarán as recollidas no Estatuto dos Traballadores e no Convenio Colectivo Estatal de servizos de asistencia en terca (Handling).

Expresamente se quere reiterar a vixencia da cláusula de subrogación do convenio colectivo de sector que se dá por reproducida como parte integrante deste acordo.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Este acordo terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro de 2016 prorrogable ano a ano salvo denuncia expresa por calquera das partes con un mes de antelación manténdose o mesmo en vigor ata novo acordo que o substitúa.

Este acordo foi ratificado pola asemblea de traballadoras/es do centro e adxúntase o presente acordo.

Acórdase delegar no persoal habilitado do Consello Galego de Relacións Laborais a realización dos trámites de rexistro, depósito e publicación do presente acordo ante a autoridade laboral competente.

**A empresa****A representación dos traballadores**

2014/14054

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)